

Texto e ilustracións: **JOSEP MARÍA BEROY**

Encadernado en cartone


72 páxinas a toda cor. 30x21,5 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Detectives audaces: o misterio da casa trampona"
ISBN 84-8464-577-0. Colección BD Banda

-Castelán: "Detectives audaces: el misterio de la casa encantada"
ISBN 84-934713-8-0. Colección BD Banda

Prezo: 14 €



DETECTIVES AUDACES

Aínda que non levantan moita estatura do chan, xa experimentan peripecias extraordinarias. Nada como seguir aos 'Detectives Audaces' para sentir o sabor da aventura máis clásica. Misterios, emocións e riscos combínanse cos problemas máis cotiás nas vidas destes tres rapaces.

- **Temática:** banda deseñada de aventuras
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** o álbum destaca polos seus contidos adicionais, entre os que destacan unha entrevista co autor, o making-off das historietas e dous relatos ilustrados

A serie 'Detectives Audaces' publicouse entre 1992 e 1996 no suplemento semanal 'El Pequeño País'. Sobre Beroiy recaeu a misión de crear todos e cada un dos personaxes; para o dúo de rapaces formado por Pepe e Marco inspirouse nas películas dos actores cómicos Jack Lemmon e Walther Mathau, ou nas funcións míticas dos pallasos de antano. "Un é máis desordeado e despistado, mentres que o outro é máis formalíño e normal", explica Beroiy destes compañeiros de aventuras. O personaxe que rompe o equilibrio é a nena Luki, que anula a personalidade de Pepe e Marco porque "é quen o controla todo e os leva polo camiño da amargura". E para completar o equipo, o robot Bio, "o último en nanotecnoloxía".

Esa preocupación permanente polo noveno arte é unha de las señas de identidade profesional de Josep Beroiy, considerado un dos autores máis versátiles e con maior calidade dos últimos 20 anos da banda deseñada española: humor gráfico, ilustración publicitaria, story-boards para cine, fondos para animación, portadas de libros, debuxos para prensa ou ilustración arquitectónica foron algúns dos xéneros nos que desenvolveu a súa actividade.

A súa carreira forxouse nos anos 80. En 1988 recibiu o premio ao autor revelación no Salón do Cómic de Barcelona. Foi colaborador de publicacións míticas como 'Creepy', 'Cimoc' ou 'Zona 84'. Entre os títulos máis emblemáticos que levan o seu selo figuran "Doctor Mabuse", "Ajeno", "Zoo" (Premio no festival de Bande Dessinée en Sierre, Suiza) ou "Versus". As súas obras editáronse en países como Alemaña, Italia, Francia ou EEUU.

A época dos 90, na que Beroiy orientou o seu estilo ao cómic infantil, caracterízase segundo o autor por unha "forte crise" que atribúe a que "se acabaron as revistas, chegou o manga, produciuse a eclosión total dos superheroes e mesmo o mercado francés se replegou en si mesmo", o que repercutiu nunha situación difícil para os creadores de banda deseñada, aos que lles custaba atopar saídas ao exterior.

Ademais da súa faceta artística, Beroiy tamén exerce como profesor de color e narrativa na Escola Josó de Barcelona, un centro de ensinanza especializado en formar profesionais no mundo da banda deseñada e da ilustración.